



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Comisión Europea (CE) ten aberta a terceira edición do **Premio da UE a Mulleres Innovadoras** (*EU Prize for Women Innovators*), a súa iniciativa para amosar casos de éxito de mulleres empresarias cunha formación científica. Con este premio a Comisión Europea quere facer un recoñecemento público a destacadas empresarias que levaran as súas ideas ao mercado e, deste xeito, servir de modelo para outras mulleres que sigan os seus pasos.

O certame recoñecerá os **méritos sobresaíntes de tres mulleres** cun primeiro premio de 100.000€, un segundo de 50.000€ e un terceiro de 30.000€. A esta convocatoria poden presentarse mulleres que residan na Unión Europea que fundaran ou cofundaran con éxito unha compañía de calquera sector e que se teñan beneficiado ao longo da súa carreira de financiamento europeo. A compañía debe ter sido rexistrada antes de 2013 e ter unha facturación anual de polo menos 100.000€ nos anos 2013 e 2014.

O prazo de presentación de candidaturas pecha o **20 de outubro ás 12h** (hora de Bruxelas). A solicitude debe facerse por vía telemática, a través dun formulario dispoñible na [seguinte web](#). Podes atopar máis información sobre o premio, nesta páxina da **Comisión**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).